



A Esgueva - Roade (Santo André) - Sobrado, 1980-01

Informantes: María (77), Carmen (84) e Flérida (55)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Polo inxoito,
debaixo da pena,
polo mollado,
apañado a leña.

I 397b

[Manuel, Manueliño,
ollos de millo miúdo,
andivéchesme engañando
de noite polo escuro.

Manuel, Manueliño,
Manuel...

*Ou pola ventana
ou polo balcón
heite de ir a ver
que queiras que non.
Que queiras que non,
que queiras que non,
ou pola ventana
ou polo balcón.*

[¡Ai, qué] manos para ghuantes!
¡Ai, qué dedos para anillos!
¡Ai, qué labios más hermosos
para juntar a los míos!

*Ou pola ventana
ou polo balcón
heite de ir a ver
que queiras que non.
Que queiras que non,
que queiras que non,
ou pola ventana
ou polo balcón.*

VI 1967

Eu ben vin correla lebre
pola beirña do mar,
eu ben vin correla lebre
quen lle poidera tirar
quen lle poidera tirar
quen na poidera coller,
a lebre na miña mau-e
non había de perecer.



Algún día por te ver-e
abría siete ventanas
ahora por non te ver-e
las tengo todas cerradas.

*Eu ben vin correla lebre
pola beiriña do mar,
eu ben vin correla lebre
quen na poidera tirar
quen na poidera tirar
quen na poidera coller,
a lebre na miña man-e
non había de perecer.*

[Si quieres que] yo sea tuya
disgota la mar primero
y después des disgotada
seré tuya si yo quiero.

*Eu ben vin correla lebre
pola beiriña do mar,
eu ben vin correla lebre
quen lle poidera tirar...*

Unha vella dixo a outra
polo poxigo da porta:
“Ti għoberna a túa vida
que a miña nada che importa”.